

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE XUSTIZA

6657 *Real decreto 396/2013, do 7 de xuño, polo que se regula o Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica.*

O proceso de modernización da Administración de xustiza é o resultado dunha longa evolución histórica da cal se poden destacar diversos fitos de relevancia: por unha parte, o Pacto de Estado para a reforma da xustiza de 2001, a Carta de dereitos dos cidadáns ante a xustiza aprobada como proposición non de lei o 22 de abril de 2002 e o Plan de transparencia xudicial aprobado polo Consello de Ministros do 21 de outubro de 2005; e, por outra, diversos instrumentos legais e convencionais como a reforma operada pola Lei orgánica 16/1994, do 8 de novembro, pola que se reforma a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, así como o Convenio para o establecemento do Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade no ámbito da Administración de xustiza, suscrito o 30 de setembro de 2009 entre o Ministerio de Xustiza, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado, ao cal, posteriormente, se adheriron, con data do 10 de decembro de 2009, as comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza.

A Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e da comunicación na Administración de xustiza, supón a aspiración de instaurar plena e eficazmente a Administración xudicial electrónica, e un dos seus piares básicos é o uso xeneralizado e obrigatorio das referidas tecnoloxías, tanto polos órganos xudiciais coma polos profesionais e cidadáns que se relacionan con aqueles, para o cal regula, entre outras cuestións, os requisitos mínimos necesarios de interoperabilidade e seguridade que, posteriormente, deberán, di a citada norma, ser desenvolvidos polo Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade, que permitirá o cumprimento dos obxectivos marcados pola dita lei.

A Lei 18/2011, do 5 de xullo, senta as bases deste desenvolvemento normativo ademais de consolidar nunha norma legal o marco de colaboración e cooperación entre as administracións con competencias en materia de xustiza contidas nos citados convenios de colaboración.

Para conseguir todo iso, tanto no seu preámbulo coma no seu articulado, prevese a necesidade de acometer un desenvolvemento normativo que se torna imprescindible para a efectiva implantación da Administración xudicial electrónica. Entre outros, no que agora se refire, establece, no seu preámbulo, a regulación e creación dun órgano que fixe as pautas necesarias para asegurar a interoperabilidade dos sistemas e aplicacións da Administración de xustiza e a cooperación entre as distintas administracións. Tras iso, no seu título V, regula a cooperación entre as administracións con competencias en materia de xustiza, establece os aspectos básicos sobre os cales se debe asentar a necesaria cooperación e colexiación de esforzos entre as administracións con competencias en materia de xustiza e constitúe o Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, con importantes competencias de cara a favorecer a compatibilidade e asegurar a interoperabilidade dos sistemas e das aplicacións empregados na Administración de xustiza, así como para asegurar a cooperación entre as distintas administracións, sendo a súa función principal, conforme o artigo 44 e seguintes da Lei 18/2011, do 5 de xullo, a de establecer as bases que permitan o desenvolvemento do dito Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade.

En especial, a disposición adicional primeira da Lei 18/2011, do 5 de xullo, dispón que «a estrutura, composición e funcións do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica serán establecidas regulamentariamente polo Goberno, mediante real decreto, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, da Fiscalía Xeral do

Estado, da Axencia Española de Protección de Datos e das comunidades autónomas con competencias na materia».

O Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, como órgano de cooperación, xorde coa vocación da coordinación e planificación conxunta no ámbito das novas tecnoloxías aplicadas á Administración de xustiza para evitar duplicidade de esforzos neste ámbito, coherentemente co principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos previsto no artigo 7 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

En consecuencia, o Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica que se regula neste real decreto, cuxa constitución está aliñada coa estratexia de racionalización de estruturas, procedementos e recursos do programa de reformas do Goberno, plasmada na creación da Comisión para a Reforma das Administracións Públicas, á cal lle ofrecerá a información precisa sobre as súas actuacións, configúrase como unha das pezas esenciais para a consecución dos obxectivos establecidos na Lei 18/2011, do 5 de xullo, de cara á interoperabilidade das distintas aplicacións que se utilizan na Administración de xustiza, de xeito que, neste contexto, este órgano exercerá a dirección, coordinación, impulso e competencias para desenvolver o Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade.

A regulación do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica que contén este real decreto realízase baixo dúas perspectivas compatibles. Por unha parte, atende as expresas previsións recollidas na Lei 18/2011, do 5 de xullo, ao respecto da arquitectura normativa da Administración xudicial electrónica e, por outra, esta regulación dota dun sistema determinado e concreto, pero pola súa vez flexible, que permita que, nun futuro, o Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, conforme evolucionen a súa actividade e o estado tecnolóxico e xurídico da Administración xudicial electrónica, poida acometer cantas accións se consideren oportunas de acordo co previsto no artigo 44.2 da Lei 18/2011, do 5 de xullo.

Este real decreto ten carácter organizativo co fin de recoller estritamente as ditas cuestións necesitadas de desenvolvemento. Así, estrutúrase en 3 capítulos comprensivos de 20 artigos. O capítulo I contén as disposicións xerais comúns a todo o Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica agora regulado. O capítulo II, dedicado ás competencias, composición e funcións do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, e o capítulo III, dividido en cinco seccións, desenvolve a organización e o funcionamento dos órganos do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, baixo a citada dobre perspectiva de establecer os órganos que posibiliten unha efectiva constitución e funcionamento e, ao mesmo tempo, evitando incorrer nunha regulación ríxida que impida a evolución do dito órgano, de maneira que, con carácter xeral, se prevén o Pleno, a Comisión Permanente, a Presidencia e a Secretaría Xeral do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica como órganos necesarios sen prexuízo da posibilidade de constituír outros órganos, oficinas ou grupos de traballo que asesoren e sirvan de soporte, de xeito duradeiro ou transitorio, ao Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica para o exercicio das súas competencias. Por último, o real decreto contén 7 disposicións adicionais, 2 disposicións transitorias e 2 disposicións derradeiras dirixidas en xeral a garantir a participación doutras institucións ou administracións, así como determinadas previsións de futuro como a continuidade das actividades e a normativa ata agora desenvolvidas no seo dos referidos convenios de colaboración e adhesión, por canto que, de non se dar esta, poderían frustrarse as iniciativas que, en materia de administración xudicial electrónica, executaron o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza, a Fiscalía Xeral do Estado e as comunidades autónomas con competencias na materia; así como a correspondente previsión competencial e de entrada en vigor.

Sobre este real decreto emitiron informe o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Consello Fiscal, a Axencia Española de Protección de Datos e as comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de xuño de 2013,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é a regulación da estrutura, composición e funcións do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, creado pola Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e da comunicación na Administración de xustiza.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación á Administración de xustiza, para favorecer a compatibilidade e asegurar a interoperabilidade dos sistemas e das aplicacións empregados nas relacións dos cidadáns e profesionais que actúen no seu ámbito, así como nas relacións entre aquela e o resto de administracións e organismos públicos.

Artigo 3. *Natureza.*

O Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica é o órgano de cooperación en materia de administración xudicial electrónica, sen prexuízo das competencias do Consello Xeral do Poder Xudicial como garante da compatibilidade dos sistemas informáticos prevista no artigo 230.5 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial. O dito comité actuará con plena autonomía no exercicio das súas funcións.

Artigo 4. *Principios.*

O Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica exercerá as súas funcións no ámbito das súas competencias baixo os seguintes principios:

- a) Colexición de esforzos.
- b) Cooperación interadministrativa.
- c) Reutilización da información e tecnoloxía.
- d) Fomento, difusión e emprego dos medios electrónicos nas súas relacións internas e externas garantindo que sexan accesibles para as persoas con discapacidade.
- e) Transparencia.
- f) Neutralidade xurídica, tecnolóxica e política.

Artigo 5. *Réxime xurídico.*

No non previsto na Lei 18/2011, do 5 de xullo, o réxime xurídico e a actuación do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, como órgano de cooperación en materia de administración xudicial electrónica, rexerese polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nas súas propias normas de funcionamento interno que, con respecto ao anterior marco normativo, aprobará de conformidade co disposto no presente real decreto.

CAPÍTULO II

Competencias, composición e funcións do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial ElectrónicaArtigo 6. *Competencias.*

Son competencias do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica:

- a) Favorecer a compatibilidade e asegurar a interoperabilidade dos sistemas e aplicacións empregados pola Administración de xustiza.
- b) Preparar plans e programas conxuntos de actuación para impulsar o desenvolvemento da Administración xudicial electrónica, respectando, en todo caso, as distintas competencias atinentes aos medios materiais da Administración de xustiza.
- c) Promover a cooperación doutras administracións públicas coa Administración de xustiza para subministrarlles aos órganos xudiciais, a través das plataformas de interoperabilidade establecidas polo Consello Xeral do Poder Xudicial e polas administracións competentes en materia de administración de xustiza, a información que precisen no curso dun proceso xudicial nos termos establecidos na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo; na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e nas leis procesuais.
- d) Fixar as bases para o desenvolvemento do Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade de xeito que permita, a través das plataformas tecnolóxicas necesarias, a interoperabilidade total de todas as aplicacións informáticas ao servizo da Administración de xustiza.
- e) Elaborar e difundir as guías de interoperabilidade e seguridade das tecnoloxías da información e as comunicacións.
- f) Actualizar permanentemente o Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade de conformidade coas necesidades derivadas da evolución xurídica e tecnolóxica na materia, desenvolvendo, para tal fin, as guías e normas técnicas de aplicación.
- g) As resolucións polas cales se adopten estas bases, guías de interoperabilidade e seguridade xudicial, así como as guías e normas técnicas de aplicación, deberán publicarse integramente no *Boletín Oficial del Estado* e nos diarios oficiais das comunidades autónomas con competencias asumidas en materia de xustiza. A súa entrada en vigor producirase, en todo caso, salvo expresa previsión noutro sentido, desde a súa completa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.
- h) Velar polo establecemento dos mecanismos de control para asegurar, de forma efectiva, o cumprimento do Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade.
- i) Adoptar os acordos necesarios para que, na creación e xestión do punto de acceso xeral da Administración de xustiza polo Ministerio de Xustiza, se asegure a completa e exacta incorporación da información que preste o dito punto de acceso xeral.
- j) Determinar as condicións e garantías das comunicacións no seo da Administración de xustiza, establecendo a relación de emisores e receptores autorizados e a natureza dos datos que se van intercambiar.
- k) Realizar a correspondente análise de redeseño funcional dos procedementos, procesos e servizos para cuxa xestión se apliquen os medios electrónicos.
- l) Establecer, para os supostos da actuación xudicial automatizada, a definición das especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, de ser o caso, a auditoría do sistema de información e do seu código fonte, incluídos os indicadores de xestión, sen prexuízo, neste último suposto, daqueles indicadores que sexan sinalados pola Comisión Nacional de Estatística Xudicial no ámbito das súas competencias, así como os necesarios para cumprir coa planificación estatística recollida no Plan estatístico nacional.

m) Constituír, dirixir e coordinar a actividade dos grupos de traballo necesarios para a redacción e o mantemento de guías e normas técnicas de aplicación ou para o desenvolvemento doutras das súas competencias.

n) Informar, cando así lle sexa solicitado, sobre os requirimentos tecnolóxicos daquelas normas que sexan de aplicación ou incidan na Administración de xustiza.

o) Informar con carácter preceptivo sobre as normas e os convenios que se refiran á interoperabilidade e seguridade da Administración xudicial electrónica.

p) Emitir, se é o caso, informes, xerais ou especiais, sobre calquera iniciativa ou norma técnica relativa á Administración xudicial electrónica, así como aos sistemas ou aplicacións relacionados con esta.

q) Aqueloutras que legalmente se determinen.

r) Promover que os medios electrónicos da Administración de xustiza nas súas relacións internas e externas sexan accesibles para as persoas con discapacidade.

Artigo 7. *Composición.*

Estarán representados no Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica:

- a) O Consello Xeral do Poder Xudicial.
- b) O Ministerio de Xustiza.
- c) A Fiscalía Xeral do Estado.
- d) As comunidades autónomas con competencias en materia de administración de xustiza.

Artigo 8. *Función consultiva.*

1. O Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica é o órgano consultivo e impulsor da cooperación en materia de administración xudicial electrónica.

2. O Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica deberá informar sobre calquera proxecto normativo que incida sobre a interoperabilidade e/ou seguridade da Administración xudicial electrónica.

3. O Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica ditará as normas de funcionamento interno reguladoras dos procedementos que cómpre seguir na tramitación e adopción de acordos propios do exercicio de tal función.

4. Sen prexuízo do disposto nas referidas normas de funcionamento interno, o Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica emitirá os ditos informes con carácter ordinario. Neste caso disporá dun prazo de tres meses ou, con carácter urxente, do prazo dun mes, contado, en ambos os dous casos, desde que a petición teña entrada no Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica.

Nestas normas poderá establecer as diversas canles informativas atendendo ao suxeito, obxecto e natureza da consulta formulada ao Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica.

Tal normativa deberá considerar, polo menos, o ditado de informes ou ditames no exercicio da preceptiva función consultiva, así como de circulares, instrucións ou recomendacións, segundo o caso.

5. As funcións anteriormente indicadas serán sen prexuízo da competencia prevista no artigo 230.5 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, respecto á compatibilidade dos sistemas informáticos de xestión procesual.

CAPÍTULO III

Organización e funcionamento*Sección 1.ª Órganos*Artigo 9. *Estrutura.*

Son órganos necesarios do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica o Pleno, a Comisión Permanente, a Presidencia e a Secretaría Xeral.

O Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, de acordo coas súas normas de funcionamento interno, poderá dispor doutros órganos ou grupos de apoio, e poderán desempeñar funcións de asesoría, consultoría e/ou soporte ao Comité, ou aos seus órganos, aqueles órganos, oficinas ou grupos de traballo que o Pleno considere oportuno constituír no seu seo.

Artigo 10. *Réxime de funcionamento.*

1. O Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica actuará en pleno, comisión permanente e, se é o caso, mediante grupos de traballo, e poderá, á súa vez, realizar internamente delegación de funcións ou crear aqueles órganos dependentes que considere precisos para o óptimo desempeño das súas funcións. Estará asistido por unha oficina técnica para o desempeño das funcións que se lle encomenden, provista dos medios persoais e materiais que cada un dos seus órganos e institucións achegue, sen que iso supoña incremento do gasto público.

2. O funcionamento dos diversos órganos do Comité rexerese polo disposto neste real decreto e nas normas de funcionamento interno previstas nel.

3. O Pleno aprobará, por maioría absoluta dos seus membros, as normas de funcionamento interno que considere oportunas para o mellor cumprimento das funcións encomendadas ao Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica. A proposta das citadas normas corresponderá á Comisión Permanente sen prexuízo da delegación do exercicio das competencias que, de ser o caso, se acordaren. Polo menos a normativa reguladora do Pleno e da Comisión Permanente, así como os acordos adoptados polo Pleno, publicaranse na sede electrónica do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica. O Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, nas súas normas de funcionamento interno, poderá, respectando a anterior publicidade, establecer outros supostos ou medios de publicación das súas actuacións ou normas propias.

4. Para a realización válida de sesións e a toma de acordos do Pleno e da Comisión Permanente requirirase a presenza do presidente, do secretario xeral e da metade, polo menos, do resto dos seus membros.

A convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias, así como a orde do día, deberase enviar coa suficiente antelación aos distintos vogais por medio telemático que ofrezga garantía de recepción, xunto coa documentación que se considere necesaria.

Das reunións que organicen os órganos de Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica redactará acta o seu secretario xeral.

5. Para a adopción válida dos acordos do Pleno e da Comisión Permanente será preciso o voto favorable da maioría absoluta dos asistentes dos ditos órganos, agás para a elaboración de informes consultivos, en que será suficiente a súa aprobación por maioría simple dos asistentes.

Os acordos que se alcancen no seo do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica adoptaranse garantindo a busca previa do consenso entre os seus membros. Naqueles casos en que non sexa posible tal consenso, deberá reformularse a proposta sometida a votación. De non se lograr por tal medio o acordo, a través das normas de funcionamento interno, establecerase a maneira de someter o asunto debatido

ao réxime de maiorías cualificadas ou simples, de dirimir empates e o voto de calidade do presidente.

6. O funcionamento interno do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, ou dos seus órganos, será, en todo caso, electrónico, sen prexuízo dos supostos de forza maior ou imposibilidade xurídica ou técnica apreciada polo Pleno. Deberá fomentar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación e o procedemento electrónico na súa relación con cidadáns e administracións no ámbito da Administración de xustiza.

Sección 2.^a Do Pleno

Artigo 11. Composición.

O Pleno do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica estará integrado polos seguintes membros:

a) O presidente do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, que será o secretario de Estado de Xustiza e un vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial conforme a quenda rotatoria prevista no artigo 16, os cales serán vogais cando non exerzan a presidencia.

b) Vogais. O Pleno do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica estará, ademais, integrado por:

1. Un vogal en representación da Fiscalía Xeral do Estado, que corresponderá ao fiscal xefe da unidade de apoio.

2. Un vogal en representación de cada unha das comunidades autónomas con competencias nesta materia, designado por elas, con rango de conselleiro do seu órgano de goberno ou, no seu defecto, non inferior a director xeral.

c) O secretario, con voz pero sen voto. As súas funcións serán desempeñadas por quen desempeñar a Secretaría Xeral do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica.

Artigo 12. Competencias.

1. Son competencias do Pleno:

a) Impulsar a colaboración e cooperación para favorecer a compatibilidade e asegurar a interoperabilidade dos sistemas e aplicacións empregados pola Administración de xustiza, fixando estratexias e establecendo plans conxuntos de actuación para impulsar o desenvolvemento da Administración xudicial electrónica, respectando en todo caso as distintas competencias atinentes aos medios materiais da Administración de xustiza.

b) Aprobar as bases para a actualización permanente do Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade, en paralelo ao progreso dos servizos de Administración xudicial electrónica, da evolución tecnolóxica e a medida que se vaian consolidando as infraestruturas que o apoian.

c) Aprobar e elevar ao Ministerio de Xustiza os acordos necesarios para a creación e xestión do punto de acceso xeral da Administración de xustiza.

d) Promover a cooperación doutras administracións públicas coa Administración de xustiza para lles subministrar aos órganos xudiciais, a través das plataformas de interoperabilidade establecidas polo Consello Xeral do Poder Xudicial e polas administracións competentes en materia de Administración de xustiza, a información que precisen no curso dun proceso xudicial. O Pleno do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica manterá as oportunas relacións cos órganos de cooperación entre as distintas administracións que se creen para tal efecto.

e) Aprobar o calendario de sesións ordinarias do Pleno, da Comisión Permanente ou doutros órganos, proposto pola Presidencia do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica.

f) Establecer os plans e informes que se elaboren para o coñecemento e seguimento periódicos do estado da interoperabilidade, da seguridade e do grao de implantación da Administración xudicial electrónica. Aprobalos e autorizar a súa difusión pública.

g) Velar polo establecemento dos mecanismos de control para asegurar, de forma efectiva, o cumprimento do Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade.

2. O Pleno do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica elevará anualmente ao Consello de Ministros e ao Consello Xeral do Poder Xudicial un informe en que se recollerá o grao de avance na implantación da Administración xudicial electrónica.

Artigo 13. *Funcionamento.*

1. O Pleno reunirse en sesións ordinarias que terán lugar, polo menos, dúas veces ao ano, ou extraordinarias. O réxime de convocatoria, constitución, debate e modo de adopción de acordos será desenvolvido nas súas normas de funcionamento interno, sen prexuízo do regulado neste real decreto.

As reunións anunciaranse con suficiente antelación, de xeito que os membros teñan a posibilidade de incorporar novos puntos na orde do día. Nos intervalos entre reunións manterase aberta unha caixa de correo na cal os integrantes do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica poidan remitir os informes, as consultas e suxestións que consideren oportunos. Fomentarase o emprego das novas tecnoloxías da comunicación nas reunións e nos grupos de traballo.

2. As sesións ordinarias serán convocadas pola Presidencia con, polo menos, periodicidade semestral e cos requisitos sobre a antelación e orde do día previstos nas normas de funcionamento interno que aprobe o Pleno. O réxime de votos deberá respectar a debida paridade entre os membros do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, con independencia do número de representantes membros ou asistentes por cada institución ou administración integrante.

3. As sesións extraordinarias serán convocadas pola Presidencia do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, cando así o considere necesario, ou por solicitude, sucintamente motivada, dunha cuarta parte dos membros do Pleno, no prazo de dous días desde que a dita convocatoria fose presentada na Secretaría Permanente do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica.

Sección 3.^a Da Comisión Permanente

Artigo 14. *Composición.*

1. A Comisión Permanente do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica estará composta polos seguintes membros:

a) Presidente: o secretario xeral da Administración de xustiza e un vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial en quenda rotatoria por períodos bienais, os cales serán vogais cando non exerzan a presidencia da Comisión Permanente. O Pleno poderá prorrogar o dito mandato en atención ás actividades ou necesidades do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica. As normas de funcionamento interno do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica determinarán o réxime de funcionamento, vacantes e ausencias do presidente desta comisión.

b) Vogais: a Comisión Permanente do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica estará, ademais, integrada por:

1.º Un vogal en representación da Fiscalía Xeral do Estado, que corresponderá a un fiscal da unidade de apoio.

2.º Un vogal en representación das comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza, que estas designarán anualmente, o cal deberá informar con suficiente antelación as comunidades sobre os asuntos tratados.

Cando se tratasen asuntos que puideren afectar particularmente unha ou varias comunidades autónomas, e logo de petición de convocatoria á seguinte sesión, estas poderán designar un representante, con voz pero sen voto, por cada unha delas.

3.º Un vogal que represente o corpo de secretarios xudiciais con coñecementos en materia de administración xudicial electrónica, designado polo Pleno.

4.º Ata un máximo de 5 vogais con perfil e formación técnica en materia de administración xudicial electrónica, designados polo Pleno.

c) Secretario, con voz pero sen voto. As súas funcións serán desempeñadas polo titular da Secretaría Xeral do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica ou por quen, nos supostos recollidos nas normas de funcionamento interno, o substituír, de ser o caso.

2. A Presidencia da Comisión Permanente poderá convidar a incorporarse, con voz pero sen voto, representantes doutras institucións, administracións, corporacións ou persoas públicas ou privadas. Esta iniciativa poderá exercerse de oficio ou por instancia do resto de membros do Pleno nos termos que se establezan regulamentariamente.

3. As reunións da Comisión Permanente terán lugar, polo menos, cada tres meses, e, para as demais cuestións relativas ao seu funcionamento, rexerá o disposto no artigo 13 do presente real decreto.

Artigo 15. *Competencias.*

Son competencias da Comisión Permanente:

a) Preparar propostas de plans estratéxicos e programas conxuntos de actuación para impulsar o desenvolvemento da Administración xudicial electrónica, e a súa elevación para a súa aprobación polo Pleno.

b) Elaborar e elevar ao Pleno para a súa aprobación as bases para a actualización do Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade.

c) Realizar as análises e os traballos técnicos que sirvan de base para a toma de decisións polo Pleno no ámbito da interoperabilidade.

d) Dar seguimento á execución dos programas conxuntos de actuación, así como elevar informe ao Pleno sobre factores que poidan incidir na súa execución.

e) Elaborar e elevar ao Pleno as propostas de actuación cuxa aprobación lle correspondan a este, así como propor cantos estudos, proxectos e iniciativas en materia de interoperabilidade xudicial considere adecuadas.

f) Elaborar e elevar ao Pleno os acordos oportunos para asegurar a completa e exacta incorporación da información e dos accesos publicados no punto de acceso xeral da Administración de xustiza.

g) Propor as condicións e garantías polas cales se rexerá o intercambio electrónico de datos en ámbitos pechados de comunicación.

h) Elaborar a proposta das análises de redeseño funcional e simplificación na aplicación de medios electrónicos á xestión dos procedementos, procesos ou servizos.

i) Constituír os grupos de traballo que considere necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.

j) Nos casos de actuación xudicial automatizada, propor:

1. As especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, de ser o caso, a auditoría do sistema de información e do seu código fonte.

2. No ámbito das competencias do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, as recomendacións sobre indicadores de xestión que deberán incluír os sistemas.

k) Identificar e catalogar os servizos de interoperabilidade que presten as administracións públicas e os órganos da Administración de xustiza.

l) Elaborar, desenvolver, manter e elevar, para a súa aprobación e difusión, as guías de interoperabilidade e seguridade das tecnoloxías da información e das comunicacións, as guías e normas técnicas de aplicación, a guía técnica de seguridade e cantas outras normativas sexa preciso establecer no exercicio das súas competencias, sen prexuízo do establecido no artigo 230.5 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo.

m) Constituír, dirixir e coordinar a actividade dos grupos de traballo necesarios para a redacción e o mantemento de guías e normas técnicas de aplicación ou para o desenvolvemento doutras das súas competencias.

n) Proporlle ao Pleno os plans e informes, xerais ou sectoriais, e os criterios para a súa análise e elaboración, que permitan o coñecemento e seguimento periódicos do estado da interoperabilidade e seguridade xudicial e do grao de implantación da Administración xudicial electrónica.

o) Executar os plans e informes que estableza o Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica para o coñecemento e seguimento periódicos do estado da interoperabilidade e seguridade xudicial e o grao de implantación da Administración xudicial electrónica.

p) Dispor da relación consolidada e actualizada das aplicacións informáticas ao servizo da Administración de xustiza co fin de que o Ministerio de Xustiza e as restantes administracións competentes dispoñan de información de valor para o mantemento do directorio xeral de información tecnolóxica xudicial.

q) Realizar outras actividades para o intercambio de experiencias e proxectos nestas materias.

r) Executar os acordos adoptados e exercer calquera outra competencia que lle sexa delegada polo Pleno ou atribuída normativamente.

Sección 4.^a Do presidente

Artigo 16. Presidente.

O Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica estará copresidido por un representante do Consello Xeral do Poder Xudicial e outro do Ministerio de Xustiza, por períodos bienais conforme unha quenda rotatoria.

A Presidencia do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica será exercida, na súa quenda correspondente, polo secretario de Estado de Xustiza e por un vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Artigo 17. Funcións.

O presidente do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica terá as seguintes funcións:

a) Desempeñar a máxima representación e interlocución do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica.

b) Convocar, dirixir e ordenar as sesións do Pleno, nos termos fixados neste real decreto e demais normativa aplicable.

c) Convidar a incorporarse, con voz pero sen voto, aquelas persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que, pola súa experiencia, coñecemento ou dedicación no ámbito xudicial ou electrónico, acheguen un beneficio para a obtención das finalidades propias do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica.

Estas persoas poderán selo a título particular ou como representantes daquelas institucións, administracións, entidades ou grupos de traballo instaurados nelas, pola súa condición de profesionais de recoñecido prestixio naquela materia ou por ser referencia nela como observatorios, sedes, foros ou órganos de debate.

O dito ofrecemento poderá darse por instancia súa ou pola dos membros do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica. Tal participación será regulada nas normas de funcionamento interno que este estableza, onde, en todo caso, deberá indicarse se a dita participación é en grupos de traballo, en condición de observadores, ou mediante calquera outra fórmula que permita a difusión mutua de coñecemento e experiencias no ámbito de actuación do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica. De igual xeito, regularase o modo en que o Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica ou os seus órganos poidan participar noutros observatorios, sedes, foros ou órganos a que for invitado ou solicitada a súa participación.

En todo caso, para os efectos de tal participación externa, o Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica deberá prestar especial atención aos grupos de traballo daquelas administracións públicas ou organismos nacionais e da Unión Europea que, polo seu obxecto e experiencia, desempeñan unha especial actividade nas materias comúns obxecto do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica.

d) Aqueloutras que legal ou internamente lle sexan conferidas.

Sección 5.^a Da Secretaría Xeral

Artigo 18. Secretaría Xeral.

A Secretaría Xeral do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica será, indistintamente, do Pleno e da Comisión Permanente. Todo iso sen prexuízo do resto das atribucións que lle sexan propias e da potestade de delegación e substitución que se poida establecer nas normas de funcionamento.

Artigo 19. Estrutura e organización.

1. A persoa titular da Secretaría Xeral terá a condición de secretario xeral do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica. O Pleno poderá, á luz das necesidades do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica ou dos seus órganos, dotar de estrutura e medios propios a Secretaría Xeral, que se realizará cos medios persoais e materiais actualmente existentes, así como establecer unha secretaría para cada órgano do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica que, en todo caso, dependerá da Secretaría Xeral.

2. A Secretaría Xeral recaerá nun membro da carreira xudicial ou fiscal, ou pertencente ao corpo de secretarios xudiciais ou a algún dos corpos do subgrupo A1 a que se refire o artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, en que tiver ingresado por razón da súa titulación como licenciado en dereito, e que se encontre destinado no Consello Xeral do Poder Xudicial ou no Ministerio de Xustiza. O secretario xeral será designado e separado, se é o caso, polo Pleno do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica. A designación será por un período de 4 anos e o cesamento polas causas legalmente establecidas e que se regularán nas normas de funcionamento interno.

3. O Pleno do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, á vista das necesidades deste ou dos seus órganos, poderá acordar que a Secretaría Xeral do Comité recaia de modo continuo nalgunha das administracións ou institucións membros do citado comité e, en tal suposto, adoptará ou elevará ao órgano competente os acordos de índole xurídica ou orzamentaria que considere pertinentes.

4. Para o desempeño das funcións da Secretaría Xeral ou das dependentes dela poderán adscribirse medios humanos e materiais propios ou alleos á Administración que designou a persoa nomeada como presidente.

5. En calquera caso, a Secretaría Xeral deberá garantir o emprego de medios electrónicos no seu funcionamento e relación con administracións, institucións ou cidadáns.

Artigo 20. *Funcións.*

A Secretaría do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica exercerá as seguintes funcións:

- a) A tramitación dos asuntos propios do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica ou dos seus órganos e o seguimento das súas actividades.
- b) A formación e tramitación dos procedementos e a proposta ou, se é o caso, a adopción dos acordos obxecto da súa competencia.
- c) O arquivamento, a custodia e notificación dos actos acordados polo Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica ou polos seus órganos.
- d) A interlocución con outras administracións, institucións ou cidadáns.
- e) A preparación das sesións e dos acordos que vai adoptar o Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica ou os seus órganos.
- f) A execución daqueles acordos adoptados polo Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica ou polos seus órganos.
- g) Aqueloutras legal ou internamente atribuídas.

Disposición adicional primeira. *Efectos económicos.*

A aprobación deste real decreto e as previsións recollidas nel non suporán en ningún caso incremento do gasto público nin de dotacións de persoal, nin de retribucións nin de créditos.

Co fin de poder acometer, de conformidade co dito principio, as actuacións encomendadas ao Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, os seus membros contribuirán cos medios propios de que xa dispoñan para un continuo e estable desempeño das súas competencias, de acordo cos principios de reutilización e cooperación entre administracións.

Os diversos convenios de carácter trilateral que se subscriban no ámbito do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica darán participación a este órgano sen que iso supoña un custo para el.

Disposición adicional segunda. *Incorporación de novos membros.*

Desde o momento en que sexa efectivo un traspaso de competencias nesta materia a unha comunidade autónoma, esta será membro de pleno dereito do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica. En tal suposto, o presidente do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica dará traslado á nova Administración das actividades e convocatorias de sesións pendentes de realización.

Disposición adicional terceira. *Constitución do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica.*

No prazo de tres meses, contados desde a entrada en vigor deste real decreto, a institución en que recaían as funcións de Secretaría Permanente derivadas do convenio de colaboración entre o Ministerio de Xustiza, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado para o establecemento do Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade no ámbito da Administración de xustiza, procederá a convocar a primeira sesión do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, que terá carácter constitutivo. Poderán, así mesmo, adoptarse aqueles acordos necesarios para o inicio das súas actividades e funcionamento.

Disposición adicional cuarta. *Informes consultivos do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica.*

No prazo de seis meses desde a súa constitución, o Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica entregará ao ministro de Xustiza os informes que conteñan a análise xurídica e técnica necesaria para o uso dos sistemas de

videoconferencia na Administración de xustiza, a universalización do acceso aos servizos electrónicos e o funcionamento electrónico dos arquivos xudiciais de xestión territoriais e central. O Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, no momento de encomendar a execución das ditas actividades, poderá ordenar os prazos, requisitos e condicións de elaboración do dito informe.

Disposición adicional quinta. *Colaboración coa procuradoría para a práctica electrónica de actos procesuais de comunicación e traslados de copias previas entre procuradores dos tribunais.*

No prazo dun mes, contado desde a constitución do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, deberase crear no seu seo un grupo de traballo, de carácter técnico e composición paritaria co Consello Xeral de Procuradores dos Tribunais, para os efectos de iniciar a debida colaboración que permita a execución dos convenios, acordos e proxectos necesarios para a plena e efectiva implantación da Administración xudicial electrónica e os principios e requisitos desta recollidos na Lei 18/2011, do 5 de xullo, no ámbito da práctica dos actos procesuais de comunicación e traslados de copias previas entre os procuradores dos tribunais e a súa interoperabilidade cos sistemas informáticos de xestión procesual.

En virtude do disposto no Real decreto 84/2007, do 26 de xaneiro, sobre implantación na Administración de xustiza do sistema informático de telecomunicacións Lexnet para a presentación de escritos e documentos, o traslado de copias e a realización de actos de comunicación procesual por medios telemáticos, no dito grupo, deberá darse oportuna participación á Subdirección Xeral das Novas Tecnoloxías da Xustiza, ou ao órgano que exerza as súas funcións como responsable do citado sistema informático, con independencia da participación que o Ministerio de Xustiza poida ter, na súa condición de membro de pleno dereito do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica.

Disposición adicional sexta. *Recomendacións de interoperabilidade e seguridade xudicial no ámbito contractual.*

O Comité Técnico da Administración Xudicial Electrónica establecerá os mecanismos de interlocución e colaboración cos órganos superiores de contratación co fin de que a preceptiva interoperabilidade e seguridade sexa considerada nos requisitos de contratación de bens e servizos polas administracións competentes en materia de xustiza. Para tal efecto, poderá ditar unha recomendación tipo de requisitos ou condicións para incluír nos pregos ou bases e na avaliación que, da dita conformidade, se realice no procedemento de contratación.

Disposición adicional sétima. *Colaboración cos grupos de traballo sobre a nova Oficina Xudicial e nova Oficina Fiscal.*

O Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica establecerá as canles ou os grupos de traballo precisos para que as súas actuacións en materia de Administración xudicial electrónica estean organizadas en colaboración mutua co grupo de traballo sobre a nova Oficina Xudicial, constituído na Conferencia Sectorial de Xustiza do 7 de maio de 2012. Estas actuacións e cooperación mutuas deberanse dar sen prexuízo das funcións normativas do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica previstas no artigo 51 da Lei 18/2011, do 5 de xullo, nin alteración da composición dos órganos necesarios do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica.

O Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica establecerá similares canles ou grupos de colaboración cos grupos de traballo xurdidos ao abeiro da reunión mantida o 27 de outubro de 2011 entre o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias transferidas, onde se aprobou o modelo de implantación da nova Oficina Fiscal, integrado no Plan estratéxico de modernización.

Disposición transitoria primeira. *Continuidade das actuacións realizadas no Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade.*

Ata o momento en que o Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica quede constituído, aqueles documentos, informes, recomendacións ou guías necesarias para a prosecución das iniciativas e dos proxectos en materia de interoperabilidade e seguridade xudicial acordados no seo do convenio de colaboración entre o Ministerio de Xustiza, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado para o establecemento do Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade no ámbito da Administración de xustiza e no daquelas comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza adheridas a este, continuarán sendo executadas pola oficina de programa EXIS ou polos grupos de traballo constituídos no Consello Xeral do Poder Xudicial, de conformidade co disposto no citado convenio.

Disposición transitoria segunda. *Sometemento ao Comité Técnico da Administración Xudicial Electrónica das actuacións realizadas no Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade.*

Os documentos, informes, recomendacións ou guías elaborados ou publicados, en desenvolvemento das previsións da Lei 18/2011, do 5 de xullo, polos diversos grupos de traballo constituídos no seo do convenio de colaboración entre o Ministerio de Xustiza, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado para o establecemento do Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade no ámbito da Administración de xustiza, serán sometidos, para a súa aprobación, aos órganos competentes do Comité, conforme o previsto na Lei 18/2011, do 5 de xullo, e no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.5.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de administración de xustiza.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de xuño de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza
ALBERTO RUIZ-GALLARDÓN JIMÉNEZ